



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PORTO DO SON

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación na "movida urbana"

Aprobación definitiva de ordenanza municipal.

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Movida Urbana no Concello de Porto do Son unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN NA MOVIDA URBANA DO CONCELLO DE PORTO DO SON

ÍNDICE

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 3: SUXEITO PASIVO

ARTIGO 4: DEVENGO

ARTIGO 5: COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 6: BONIFICACIÓNS

ARTIGO 7: EXENCIÓNS

ARTIGO 8: XESTIÓN

ARTIGO 9: LIQUIDACIÓN E INGRESO

ARTIGO 10: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL); así como de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Concello de Porto do Son establece unha Taxa pola prestación do servizo da Movida Urbana, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal. Considérase o establecemento de Taxa e non de prezo público, de acordo co establecido no art. 20.1B)b) do RDL 2/2004.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a participación nas actividades da Movida Urbana organizadas polo Concello de Porto do Son.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 23 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que participen nas actividades da Movida Urbana. Tendo en conta que os participantes nestas actividades son menores de idade, estarán obrigados ao pagamento os seus pais, nais ou titores.

ARTIGO 4.- DEVENGO

Cando se presente a solicitude de inscrición para participar nas actividades da Movida Urbana.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria da Taxa regulada nesta Ordenanza será a seguinte: 16 €.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

Establécese unha bonificación do 50% da cota para aqueles usuarios que teñan un irmán maior inscrito nas actividades da Movida Urbana.

ARTIGO 7.- EXENCIÓNS

Estarán exentos de pagamento todos aqueles rapaces que pertencen a familias en situación de risco de exclusión social ou emerxencia social; o que se acreditará co correspondente informe emitido pola Traballadora Social do Concello.

ARTIGO 8.- XESTIÓN

O abono na Taxa efectuarase polo réxime de autoliquidación no momento da inscrición para participar nas actividades.

A falta do ingreso imposibilitará a participación nas actividades. Non se contempla en ningún caso o prorrateo da cota tributaria. Procederáse por parte do Concello á devolución das cotas abonadas polos participantes, previa solicitude do representante legal do menor, e na conta designada por este ó efecto, naqueles casos en que as actividades non chegaran a realizarse por causas imputables ó Concello.

ARTIGO 9.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

O ingreso efectuarase na Tesourería Municipal, ou na conta bancaria designada polo Concello.

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación das infraccións, así como das sancións que ás mesmas lles correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión celebrada o 26 de abril de 2012, entrará en vigor o día seguinte ao da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, perante a Sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Porto do Son, 22 de xuño de 2012.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

2012/8264